



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Probas específicas de acceso ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para o ano académico 2011-12 - Resolución do 10 de maio de 2011 (DOG do 27 de maio)

Familia profesional de AA.PP.D.: Artes aplicadas ao libro.

Familia profesional de AA.PP.D.: Deseño gráfico.

Familia profesional de AA.PP.D.: Artes aplicadas da escultura.

Familia profesional de AA.PP.D.: Cerámica artística.

Familia profesional de AA.PP.D.: Deseño de interiores.

Familia profesional de AA.PP.D.: Xoiaría artística.

Familia profesional de AA.PP.D.: Artes aplicadas da indumentaria.



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Probas específicas de acceso ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para o ano académico 2011-12 - Resolución do 10 de maio de 2011 (DOG do 27 de maio)

Alumno/a: 1º Apelido 2º Apelido, Nome	DNI./Pasaporte	C.F. ao que aspira

Familia profesional de AA.PP.D.: ARTES APLICADAS AO LIBRO

Para aspirantes ao ingreso nos CC.FF. de G.S.: "GRAVADO E TÉCNICAS DE ESTAMPACIÓN"

PRIMEIRO EXERCICIO: PROBA ESCRITA

O/a aspirante elixirá DOUS dos catro temas que se propoñen, e responderá aos mesmos segundo o seguinte esquema:

- Características técnicas e procedementais máis significativas e salientables do medio de impresión.
- Análise da situación temporal, xeográfica e sociocultural na que a técnica de reprodución gráfica nace e se desenvolve, e valores económicos e estéticos inherentes á mesma.
- Aplicacións máis usuais da técnica de reprodución gráfica.

TEMAS:

A) A CALCOGRAFÍA. B) A SERIGRAFÍA. C) A CUATRICROMÍA. D) O "OFF-SET".

VALORACIÓN:

Valorarase a cantidade e significación dos datos, a claridade dos conceptos e a súa exposición, e a estrutura da resposta.

CUALIFICACIÓN:

Puntuarase con un máximo de 5 puntos cada unha das respostas correctas.

SEGUNDO EXERCICIO: REALIZACIÓN

- O/a alumno/a, a partir dun bodegón proposto pola comisión avaliadora, realizará os bosquexos e esbozos precisos a lapis grafito e en papel tamaño DIN A3, analizando a composición como zonas de diferente tonalidade.

Valoración e cualificación:

- Valoraranse as destrezas, as habilidades, capacidade de observación e de aptitude, así como a predisposición para os estudos concretos dos ciclos formativos correspondentes á familia profesional artística de Artes Aplicadas ao Libro, cualificándose o exercicio con entre cero e dez puntos.

TERCEIRO EXERCICIO: EXECUCIÓN

- A partires dos debuxos e bosquexos realizados no exercicio anterior, o/a alumno/a realizará de xeito definitivo, en papel tamaño DIN A3, un debuxo mimético, realizado a base de zonas de tons uniformes para a súa posterior reprodución por mediante serigrafía, podendo utilizar para elo técnica libre, aínda que monocromática.

Avaliación e cualificación:

- Valorarase a capacidade artística e a creatividade do/a aspirante, o sentido do espazo e a capacidade compositiva, así como a predisposición para os estudos concretos dos ciclos formativos correspondentes á familia profesional artística de Artes Aplicadas ao Libro, cualificándose o mesmo con entre cero e dez puntos.

Sinatura do/a alumno/a:



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Probas específicas de acceso ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para o ano académico 2011-12 - Resolución do 10 de maio de 2011 (DOG do 27 de maio)

Alumno/a: 1º Apelido 2º Apelido, Nome	DNI./Pasaporte	C.F. ao que aspira

Familia profesional de AA.PP.D.: DESEÑO GRÁFICO

Para aspirantes ao ingreso nos CC.FF. de G.S.: "FOTOGRAFÍA ARTÍSTICA"
"GRÁFICA PUBLICITARIA"
"ILUSTRACIÓN"

PRIMEIRO EXERCICIO: PROBA ESCRITA

O/a aspirante elixirá DOUS dos catro temas que se propoñen, e responderá aos mesmos segundo o seguinte esquema:

- Características máis significativas e salientables do movemento artístico
- Análise da situación temporal, xeográfica e sociocultural na que o movemento nace e se desenvolve.
- Autores/as e/ou obras máis coñecidas pertencentes ao movemento e sinxela análise das mesmas desde o punto de vista estético-artístico.

TEMAS:

A) O TENEBRISMO. B) O PUNTILLISMO. C) O "POP-ART". D) O CUBISMO.

VALORACIÓN:

Valorarase a cantidade e significación dos datos, a claridade dos conceptos e a súa exposición, e a estrutura da resposta.

CUALIFICACIÓN:

Puntuarase con un máximo de 5 puntos cada unha das respostas correctas.

SEGUNDO EXERCICIO: REALIZACIÓN

- Preparación dun bosquejo encargado pola comisión xestora do movemento " 15-M " (cidadáns indignados) para anunciar una marcha de solidariedade cos/coas parados/as de longa duración cara Madrid, o día 29 de febreiro de 2011, con lapis de grafito, en papel tamaño DIN A3.

Valoración e cualificación:

- Valoraranse as destrezas, as habilidades, capacidade de observación e de aptitude, así como a predisposición para os estudos concretos dos ciclos formativos correspondentes á familia profesional artística de Deseño Gráfico, cualificándose o exercicio con entre cero e dez puntos.

TERCEIRO EXERCICIO: EXECUCIÓN

- Realización definitiva con técnica libre e en papel tamaño DIN A3 axeitado á técnica empregada, do bosquejo realizado no exercicio anterior.

Avaliación e cualificación:

- Valorarase a capacidade artística e a creatividade do/a aspirante, o sentido do espazo e a capacidade compositiva, así como a predisposición para os estudos concretos dos ciclos formativos correspondentes á familia profesional artística de Deseño Gráfico, cualificándose o mesmo con entre cero e dez puntos.

Sinatura do/a alumno/a:



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Probas específicas de acceso ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para o ano académico 2011-12 - Resolución do 10 de maio de 2011 (DOG do 27 de maio)

Alumno/a: 1º Apelido 2º Apelido, Nome	DNI./Pasaporte	C.F. ao que aspira

Familia profesional de AA.PP.D.: ARTES APLICADAS DA ESCULTURA

Para aspirantes ao ingreso nos CC.FF. de G.S.: "ARTES APLICADAS DA ESCULTURA"

PRIMEIRO EXERCICIO: PROBA ESCRITA

O/a aspirante elixirá DOUS dos catro temas que se propoñen, e responderá aos mesmos.

TEMAS:

- A) A escultura grega clásica: situación temporal e espacial. Características máis salientables. Obras e autores/as. Comentarios ao respecto.
- B) A revolución industrial: significación deste proceso económico, tecnolóxico e social na concepción, deseño, produción e uso de produtos utilitarios e manufacturados con valores estéticos e artísticos no campo da arquitectura, a ornamentación e o urbanismo. Autores/as e obras. Comentarios ao respecto.
- C) A aplicación dos conceptos, técnicas e oficios tradicionais da escultura na produción moderna de obxectos utilitarios e suntuarios. Exemplos, autores/as e comentarios ao respecto.
- D) A produción seriada de obxectos escultóricos: técnicas usadas, significación social e económica, canles de comercialización e formas de uso e goce social e individual. Materiais e tendencias estéticas. Exemplos de autores/as coñecidos/as e comentarios ao respecto.

VALORACIÓN:

Valorarase a cantidade e significación dos datos, a claridade dos conceptos e a súa exposición, e a estrutura da resposta.

CUALIFICACIÓN:

Puntuarase con un máximo de 5 puntos cada unha das respostas correctas.

SEGUNDO EXERCICIO: REALIZACIÓN

- Análise gráfico dende diferentes puntos de vista dun obxecto tridimensional de tipo escultórico proporcionado pola comisión avaliadora, a lapis de grafito, en papel tamaño DIN A3.

Valoración e cualificación:

- Valoraranse as destrezas, as habilidades, capacidade de observación e de aptitude, así como a predisposición para os estudos concretos dos ciclos formativos correspondentes á familia profesional artística de artes Aplicadas da Escultura, cualificándose o exercicio con entre cero e dez puntos.

TERCEIRO EXERCICIO: EXECUCIÓN

- Realización con técnica libre de debuxos definitivos e de carácter mimético, en planta, alzado e perfil do modelo proposto no exercicio anterior, en papel tamaño DIN A3.

Avaliación e cualificación:

- Valorarase a capacidade artística e a creatividade do/a aspirante, o sentido do espazo e a capacidade compositiva, así como a predisposición para os estudos concretos dos ciclos formativos correspondentes á familia profesional artística de Artes Aplicadas da Escultura, cualificándose o mesmo con entre cero e dez puntos.

Sinatura do/a alumno/a:



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Probas específicas de acceso ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para o ano académico 2011-12 - Resolución do 10 de maio de 2011 (DOG do 27 de maio)

Alumno/a: 1º Apelido 2º Apelido, Nome	DNI./Pasaporte	C.F. ao que aspira

Familia profesional de AA.PP.D.: CERÁMICA ARTÍSTICA

Para aspirantes ao ingreso nos CC.FF. de G.S.: "CERÁMICA ARTÍSTICA"
Ensinanza Modular do C.F. G.S. de "CERÁMICA ARTÍSTICA"

PRIMEIRO EXERCICIO: PROBA ESCRITA

O/a aspirante elixirá DOUS dos catro temas que se propoñen, e responderá aos mesmos.

TEMAS:

- A) A significación da cerámica nas culturas cretense e grega: materiais, ornamentos, formas.
- B) A revolución industrial: significación deste proceso económico, tecnolóxico e social na concepción, deseño, produción e uso dos produtos cerámicos.
- C) A cerámica utilitaria. Tipos de utilización, requirimentos técnicos e formais. Ámbitos de aplicación.
- D) A produción cerámica actual: materias, tendencias estéticas e utilitarias, formas de comercialización. Exemplos de autores/as coñecidos/as e comentarios ao respecto.

VALORACIÓN:

Valorarase a cantidade e significación dos datos, a claridade dos conceptos e a súa exposición, e a estrutura da resposta.

CUALIFICACIÓN:

Puntuarase con un máximo de 5 puntos cada unha das respostas correctas.

SEGUNDO EXERCICIO: REALIZACIÓN

- O/a alumno/a realizará bosquejos a lapis de grafito dun modelo tridimensional de vulto redondo proporcionado pola comisión avaliadora, en papel tamaño DIN A3.

Valoración e cualificación:

- Valoraranse as destrezas, as habilidades, capacidade de observación e de aptitude, así como a predisposición para os estudos concretos dos ciclos formativos correspondentes á familia profesional artística de Cerámica Artística, cualificándose o exercicio con entre cero e dez puntos.

TERCEIRO EXERCICIO: EXECUCIÓN

- Realización definitiva de debuxo en planta, alzado, perfil e sección do modelo do exercicio anterior, con técnica libre, en papel tamaño DIN A3.

Avaliación e cualificación:

- Valorarase a capacidade artística e a creatividade do/a aspirante, o sentido do espazo e a capacidade compositiva, así como a predisposición para os estudos concretos dos ciclos formativos correspondentes á familia profesional artística de Cerámica Artística, cualificándose o mesmo con entre cero e dez puntos.

Sinatura do/a alumno/a:



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Probas específicas de acceso ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para o ano académico 2011-12 - Resolución do 10 de maio de 2011 (DOG do 27 de maio)

EASD: "Mestre Mateo"- Santiago de Compostela	Data: 7 de xullo de 2011	Hora: de 10 a 11 horas
--	--------------------------	------------------------

Alumno/a: 1º Apelido 2º Apelido, Nome	DNI./Pasaporte	C.F. ao que aspira

Familia profesional de AA.PP.D.: DESEÑO DE INTERIORES

Para aspirantes ao ingreso nos CC.FF. de G.S.: "ARQUITECTURA EFÉMERA"
"PROXECTOS E DIRECCIÓN DE OBRAS DE DECORACIÓN"

PRIMEIRO EXERCICIO: PROBA ESCRITA

O/a aspirante elixirá DOUS dos catro temas que se propoñen, e responderá aos mesmos.

TEMAS:

- A) A significación do Renacemento nas formas de concibir, proxectar, producir e usar o espazo habitable.
- B) A revolución industrial: significación deste proceso económico, tecnolóxico e social na vivenda e no urbanismo na cultura occidental.
- C) O espazo habitable vivenda na cultura europea actual: características espaciais, estéticas e construtivas máis salientables. Implicacións económicas e sociais.
- D) Os novos materiais aplicables no deseño de interiores: implicacións ergonómicas, sociais, ecolóxicas e económicas. Salientar algúns exemplos que se coñezan.

VALORACIÓN:

Valorarase a cantidade e significación dos datos, a claridade dos conceptos e a súa exposición, e a estrutura da resposta.

CUALIFICACIÓN:

Puntuarase con un máximo de 5 puntos cada unha das respostas correctas.

SEGUNDO EXERCICIO: REALIZACIÓN

- O/a alumno/a debuxará a man levantada, con lapis de grafito a aula na que se estea realizando o exercicio, en papel tamaño DIN A3, de xeito mimético e dende o punto de vista no que estea situado o/a alumno/a.

Valoración e cualificación:

- Valoraranse as destrezas, as habilidades, capacidade de observación e de aptitude, así como a predisposición para os estudos concretos dos ciclos formativos correspondentes á familia profesional artística de Deseño de Interiores, cualificándose o exercicio con entre cero e dez puntos.

TERCEIRO EXERCICIO: EXECUCIÓN

- Realización dun esbozo a man levantada e de xeito proporcionado, sen acoutar, en papel DIN A3, dun moble dos existentes na mesma aula onde se realiza o exercicio, presentando polo menos: planta, alzado frontal, perfil e unha sección plana do xeito que determine a comisión avaliadora.

Avaliación e cualificación:

- Valorarase a capacidade artística e a creatividade do/a aspirante, o sentido do espazo e a capacidade compositiva, así como a predisposición para os estudos concretos dos ciclos formativos correspondentes á familia profesional artística de Deseño de Interiores, cualificándose o mesmo con entre cero e dez puntos.

Sinatura do/a alumno/a:



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Probas específicas de acceso ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para o ano académico 2011-12 - Resolución do 10 de maio de 2011 (DOG do 27 de maio)

Alumno/a: 1º Apelido 2º Apelido, Nome	DNI./Pasaporte	C.F. ao que aspira

Familia profesional de AA.PP.D.: **XOIARÍA ARTÍSTICA**

Para aspirantes ao ingreso nos CC.FF. de G.S.: "XOIARÍA ARTÍSTICA"

PRIMEIRO EXERCICIO: PROBA ESCRITA

O/A aspirante elixirá DOUS dos catro temas que se propoñen, e responderá aos mesmos.

TEMAS:

- A) A xoiaría na antigüidade: materiais, produción, significación política, social e relixiosa. Características principais nas civilizacións máis coñecidas.
- B) A revolución industrial: significación deste proceso económico, tecnolóxico e social na concepción, deseño, produción e uso de produtos suntuarios, de obxectos de culto e manufacturados con valores estéticos e artísticos no campo da xoiaría, da bixería e a ornamentación.
- C) O deseño na xoiaría actual. Técnicas e oficios tradicionais da xoiaría na produción moderna de obxectos e suntuarios e de culto. Exemplos, autores/as e comentarios ao respecto.
- D) A produción seriada no eido da xoiaría: técnicas usadas, significación social e económica, canles de comercialización e formas de uso e goce social e individual. Materiais e tendencias estéticas. Exemplos de autores/as coñecidos/as e comentarios ao respecto.

VALORACIÓN:

Valorarase a cantidade e significación dos datos, a claridade dos conceptos e a súa exposición, e a estrutura da resposta.

CUALIFICACIÓN:

Puntuarase con un máximo de 5 puntos cada unha das respostas correctas.

SEGUNDO EXERCICIO: REALIZACIÓN

- Partindo dalgún dos poliedros regulares, a esfera ou combinación dos mesmos, con lapis grafito, en papel tamaño DIN A3, o/a alumno/a preparará os bosquejos e esbozos necesarios para una composición destinada a regalo corporativo dunha empresa dedicada á investigación en química inorgánica.

Valoración e cualificación:

- Valoraranse as destrezas, as habilidades, capacidade de observación e de aptitude, así como a predisposición para os estudos concretos dos ciclos formativos correspondentes á familia profesional artística de Xoiaría Artística, cualificándose o exercicio con entre cero e dez puntos.

TERCEIRO EXERCICIO: EXECUCIÓN

- Realización definitiva, a partires dos bosquejos realizados no exercicio anterior, dos debuxos de planta, alzado e perfil, necesarios para a completa definición do obxecto, utilizando técnica libre, e en papel tamaño DIN A3.

Avaliación e cualificación:

- Valorarase a capacidade artística e a creatividade do/a aspirante, o sentido do espazo e a capacidade compositiva, así como a predisposición para os estudos concretos dos ciclos formativos correspondentes á familia profesional artística de Xoiaría Artística, cualificándose o mesmo con entre cero e dez puntos.

Sinatura do/a alumno/a:



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Probas específicas de acceso ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para o ano académico 2011-12 - Resolución do 10 de maio de 2011 (DOG do 27 de maio)

Alumno/a: 1º Apelido 2º Apelido, Nome	DNI./Pasaporte	C.F. ao que aspira

Familia profesional de AA.PP.D.: ARTES APLICADAS DA INDUMENTARIA

Para aspirantes ao ingreso nos CC.FF. de G.S.: "ESTILISMO DA INDUMENTARIA"
"MODELISMO DA INDUMENTARIA"

PRIMEIRO EXERCICIO: PROBA ESCRITA

O/A aspirante elixirá DOUS dos catro temas que se propoñen, e responderá aos mesmos.

TEMAS:

- A) O concepto de indumentaria por contraposición ao concepto de moda: características comúns e diferenciais en ambos conceptos. Nacemento e desenvolvemento do concepto de moda.
- B) A revolución industrial: significación deste proceso económico, tecnolóxico e social na concepción, deseño, produción, comercialización e uso do vestido: valores sociais, estéticos e artísticos postos en xogo.
- C) O deseño na indumentaria actual. Técnicas e oficios tradicionais da costura na produción moderna de roupa e complementos da vestimenta. Exemplos, autores/as e comentarios ao respecto.
- D) A produción seriada no eido da vestimenta. O "prêt-à-porter": nacemento e desenvolvemento deste concepto na indumentaria; significación social e económica, canles de comercialización e formas de uso e goce social e individual da vestimenta. Materiais e tendencias estéticas. Exemplos de autores/as coñecidos/as e comentarios ao respecto.

VALORACIÓN:

Valorarase a cantidade e significación dos datos, a claridade dos conceptos e a súa exposición, e a estrutura da resposta.

CUALIFICACIÓN:

Puntuarase con un máximo de 5 puntos cada unha das respostas correctas.

SEGUNDO EXERCICIO: REALIZACIÓN

- Preparación, utilizando lapis grafito e en papel tamaño DIN A3, dos bosquejos precisos para a confección dun uniforme de verán (masculino ou feminino, a elección do/a alumno/a) destinado á policía autonómica de Galicia.

Valoración e cualificación:

- Valoraranse as destrezas, as habilidades, capacidade de observación e de aptitude, así como a predisposición para os estudos concretos dos ciclos formativos correspondentes á familia profesional artística de Deseño da Indumentaria, cualificándose o exercicio con entre cero e dez puntos.

TERCEIRO EXERCICIO: EXECUCIÓN

- Realización, con técnica libre e en papel DIN A3, dos debuxos precisos (vistas e figurinos) para una completa definición do modelo, a partires dos bosquejos realizados no exercicio anterior.

Avaliación e cualificación:

- Valorarase a capacidade artística e a creatividade do/a aspirante, o sentido do espazo e a capacidade compositiva, así como a predisposición para os estudos concretos dos ciclos formativos correspondentes á familia profesional artística de Deseño da Indumentaria, cualificándose o mesmo con entre cero e dez puntos.

Sinatura do/a alumno/a: